

REGULAMENTO

A **ANPA "Bene Vivere"** do **CEIP Público MOSTEIRO-BEMBRIVE** ten o pracer de convidar aos alumnos e alumnas dese centro a participar no **XL CROSS ESCOLAR MOSTEIRO BEMBRIVE** que se organizará o vindeiro domingo 12 de maio a partir das DEZ DA MAÑÁ e que se desenvolverá no recinto e arredores do Colexio.

1.- Neste Cross disputaranse as seguintes probas nas categorías feminina e masculina, cos lugares, distancias e horarios que se sinalan:

Hora (aprox.)	Categoría	Ano de nacemento	Percorrido	Distancia
10:00	Cadete feminino	2004/2005	2 voltas percorrido C	2100 metros
10:10	Cadete masculino	2004/2005	2 voltas percorrido C	2100 metros
10:20	Infantil feminino	2006/2007	2 voltas percorrido B	1700 metros
10:30	Infantil masculino	2006/2007	2 voltas percorrido B	1700 metros
10:40	Alevín feminino	2008/2009	1 volta percorrido C	1050 metros
10:50	Alevín masculino	2008/2009	1 volta percorrido C	1050 metros
11:10	Carreira de pais e nais	--	1 volta percorrido B	850 metros
11:30	Benxamín feminino	2010/2011	1 volta percorrido B	850 metros
11:40	Benxamín masculino	2010/2011	1 volta percorrido B	850 metros
11:50	Prebenxamín feminino	2012/2013	1 volta percorrido A	500 metros
12:00	Prebenxamín masculino	2012/2013	1 volta percorrido A	500 metros
12:15	Pitufos 4 feminino	2014	2 voltas percorrido D	200 metros
12:20	Pitufos 4 masculino	2014	2 voltas percorrido D	200 metros
12:30	Pitufos 3 feminino	2015	1 volta percorrido D	100 metros
12:35	Pitufos 3 masculino	2015	1 volta percorrido D	100 metros
12:45	Entrega de trofeos			

2.- As probas comezarán en cada categoría, primeiro pola feminina e a seguir a masculina.

3.- A inscrición deberán enviala ao enderezo de correo electrónico anpabenevivere@gmail.com no formulario que se achega por correo electrónico, indicando **o número de dorsal, nome e apelidos e mailo ano de nacemento e sexo** dos participantes. **A data límite** para presentación das inscricións será **o día 5 de maio as 22:00 horas, non aceptándose ningunha fóra de prazo**. Para calquera aclaración poderán contactar con **no teléfono 636913104**.

4.- Non será admitido ningún atleta ou centro que non fora invitado pola organización.

5.- Tódolos participantes deben estar inscritos no programa Xogade, a través do Club ou colexio que o inscribe.

6.- Tódolos clubs, colexios ou agrupacións deportivas estarán representados por un delegado/delegada para tratar calquera tema referente á competición co Comité Organizador.





7.- Os dorsais serán entregados pola organización, e poderán recollerse ata 30 minutos antes do comezo da proba. O Colexio que aporte datos falsos será descalificado do Cross.

8.- Os organizadores non subvencionarán os gastos de desprazamento nin se responsabilizarán das lesións que puideran xurdir durante o desenvolvemento das probas.

Agardando a súa participación e co mellor espírito deportivo, saudámolo/a atentamente.

O COMITE ORGANIZADOR

PERCORRIDOS DO CROSS ESCOLAR DO COLEXIO MOSTEIRO-BEMBRIVE



PERCORRIDO DO CROSS ESCOLAR DO COLEXIO MOSTEIRO-BEMBRIVE

